

## **PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS**

**PRIMEIRA.** O Contrato establécese no marco do disposto no RDL1/94, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no RD 1933/95, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre colaboración das Mutuas de AT/EP, no RD 250/97, do 21 de febreiro, RD 576/97, do 18 de abril, e RD 38/2010 do 15 de xaneiro, polos que se modifica o anterior, e demais disposicións que lle sexan de aplicación.

**SEGUNDA** Para o desenvolvemento das actuacións que a Mutua deba realizar para a cobertura das contingencias derivadas dos Accidentes de Traballo, Enfermidades Profesionais e a prestación económica de incapacidade temporal por contingencias comúns do persoal funcionario e laboral do Concello de Caldas de Reis, éste obrígase a:

- \_ Permitir o acceso aos centros de traballo das persoas que, designadas pola Mutua, deban realizar todos o parte dos servizos concertados. Comprenderá á totalidade dos traballadores e centros de traballo.
- \_ Firmar a recepción de informes e recomendacións emitidos pola Mutua contratada.
- \_ Remitir á Mutua as declaracións de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como as comunicacións de baixas e altas médicas de contingencia común expedidas en relación ao seu personal conforme á normativa vixente en cada momento.

**TERCEIRA** A Mutua adxudicataria deberá cumprir todaas obrigacións dimanantes do contrato, así como as contidas no presente prego e demais disposicións de aplicación.

En canto aos servizos de prestación obrigatoria como Mutua de Accidentes e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, a adxudicataria deberá prestar todos os servizos derivados da cobertura de contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais para todo o persoal do Concello de Caldas de Reis acollido ao Réxime Xeral da Seguridade Social.

Cabe suliñar como servizos a prestar, sen carácter exhaustivo, os seguintes:

- \_Asistencia sanitaria de todos os procesos derivados de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- \_Control médico do persoal accidentado para revisar a corrección do tratamento.
- \_Cando sexa necesario o desprazamento cubrirase o custo dos desprazamentos, aloxamentos, e/ou dietas, así como, no seu caso, os orixinados polo acompañante.
- \_O custo da atención médica en centros especializados
- \_O custo das prestacións por causa de accidente de traballo sufrido polo persoal ao servizo do Concello, sempre e cando o feito causante se produza durante a vixencia do documento de asociación.
- \_As prestacións económicas tanto de carácter temporal como as derivadas de secuelas de carácter permanente a que podera dar lugar o accidente de traballo ou a enfermidade profesional nos termos que legalmente veñan establecidos en cada momento.
- As prestacións económicas por incapacidade temporal por proceso de contingencia común, incluídas as labores de xestión, seguimento e control a partir do día 16 da baixa nos términos que legalmente veñan establecidos en cada momento.
- \_Subministración de caixas de primeiros auxilios, así como a reposición do seu contido, que será o habitual en centros de traballo das características dos municipais, con suxeción a lo disposto na Orde TAS/2947/2007, de 8 de outubro.
- \_Servizos de asesoramento e información sobre temas técnicos (indemnizacións, traslados de

accidentados, etc.) e xurídicos (problemas xurídicos derivados de accidentes de traballo e enfermidades profesionais).

\_Axuda na elaboración de Informes, Análises e Estudos.

\_A efectos do contrato, estas actuacións enténdense como mínimas e non excluíntes doutras que os licitadores podan ofertar como melloras nas súas proposicións.

**CUARTA.** A Mutua tratará como reservada toda a información que, en relación con este contrato, lle sexa facilitada polo Concello. Sen coñecemento previo e por escrito do Concello, non se utilizará a información facilitada por esta administración, nin desvelará a terceiros dita información, salvo por razón do cumprimento das obrigacións derivadas deste contrato, da normativa legal aplicable, ou que sexa requerida pola autoridade laboral, sanitaria ou xudicial.”

### **3º.- Enviar anuncio de licitación ao perfil de contratante.**

Caldas de Reis, 26 de xaneiro de 2012.

O Alcalde,

Asdo.: Juan Manuel Rey Rey